



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A PROMOCIÓN DA NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO E FOMENTO DO COMERCIO LOCAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. EXERCICIO 2026.

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas

1 O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de Boqueixón para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello no ano 2026.

2 Así mesmo a finalidade é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados no Concello de Boqueixón.

3 Tamén esta axuda económica ten por obxecto a axuda ao comercio local, polo que o gasto subvencionado ás familias ten que efectuarse en empresas radicadas no termo de Boqueixón.

Artigo 2. Natureza xurídica.

Esta axuda ten carácter de subvención e rexeráse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvención de Galicia.

Artigo 3. Incompatibilidade con outras axudas.

Esta axuda é incompatible coas concedidas noutros concellos que teñan o mesmo fin público.

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse polo Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia pero o importe das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas destas administracións, supere o custo dos gastos xustificadas.

Artigo 4. Aplicación orzamentaria, tipos, contía e criterios de valoración.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.01 do orzamento municipal para o exercicio 2026, por importe máximo de 8.000 euros.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Concederáse unha axuda por neno/a nacido/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2026 por un importe individual de 400 € .

A axuda será de 500 € no caso de acreditar unha discapacidade do/a neno/a dun 33% ou superior.

As axudas outórganse con independencia da renda familiar.

No suposto de que o importe total solicitado supere o límite máximo de 8.000 €, poderase ampliar o crédito existente na partida, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do concello, ou reducir proporcionalmente o importe individual que corresponda.

Artigo 5. Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias

As axudas poderán ser solicitadas por pai/nai ou titor/a das nenas e nenos nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, que reúnan os seguintes requisitos:

1º Que a persoa proxenitora solicitante teña a custodia do neno/a e toda a unidade familiar terá que estar empadroada no Concello de Boqueixón, e no mesmo domicilio familiar, incluído o/a menor nacido/a.

Este requisito de empadroamento tense que cumprir na data en que se presenta a solicitude desta axuda, e os proxenitores deberán comprometerse a permanecer empadroados no Concello de Boqueixón, do mesmo xeito que a unidade familiar, un período mínimo de 3 anos a contar desde a presentación da solicitude de axuda.

Entenderase por unidade familiar, a efectos destas axudas, a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor. Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar, así como os/as irmáns menores de idade do recén nado/a ou os maiores de idade que dependan economicamente dos seus pais ou titores. A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenos ou nenas beneficiarios/as o que figura no padrón de habitantes.

Estas circunstancias poderán ser comprobadas en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

2º Cada neno dará dereito á presentación dunha única solicitude.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

3º Non ser a persoa solicitante debedora da Administración Tributaria estatal e autonómica, Seguridade Social ou coa Facenda Municipal.

4º Non ter pendente de xustificar subvencións outorgadas polo Concello de Boqueixón.

5º Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece nos artigos 10 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Boqueixón:

1) Cumprir o obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto, en beneficio do neno/s e nena/s, en cueiros, lácteos e alimentos infantís, roupa, calzado, enxoval, produtos de hixiene infantil, medicamentos ou outro tipo de produtos pediátricos.

2) Admitirase unicamente para xustificar a achega, as facturas e os xustificantes de pago dos gastos efectuados exclusivamente en comercios radicados no Concello de Boqueixón, cunha data de emisión e de pago, comprendida entre a data de nacemento do neno/a e o 15 de decembro de 2026, para nenos nados/as, adoptados ou acollidos entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data de publicación do extracto no BOP. O prazo máximo de xustificación é a ata o 15 de decembro de 2026, salvo o previsto no apartado seguinte.

3) No suposto de nados/as entre o día seguinte á publicación do extracto no BOP e ata o 31/12/2026, a data de emisión de factura e de pago será dende a data de nacemento do neno/a ata o 20 de xaneiro de 2027. O prazo máximo de xustificación é a ata o 20 de xaneiro de 2027.

PERÍODOS NACEMENTOS	PLAZO SOLICITUDE AXUDA	DATAS DE FACTURACIÓN ADMITIDAS	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN
Entre 01/01/2026 e a data de publicación do extracto no BOP	15 días naturais a partir do día seguinte de publicación no BOP	dende a data de nacemento do neno/a ata o 15/12/2026	Límite o 15/12/2026
Entre o día seguinte á publicación do extracto no BOP ata o 31/12/2026	15 días naturais a partir do día seguinte á data de nacemento do neno/a	dende a data de nacemento do neno/a ata o 20/01/2027	Límite o 20/01/2027

4) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas ditas actuacións.

5) Comunicarlle ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

Artigo 6. Solicitude e documentación necesaria

1 As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I), a seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- b) Certificado literal de inscrición de nacemento e/ou copia do libro ou libros de familia ou documentación substitutiva en que consten todas as fillas e fillos da persoa solicitante ou certificación literal de inscrición de nacemento do rexistro civil de cada unha das fillas ou fillos da persoa solicitante, para efectos de acreditar a data de nacemento e o número de orde que ocupa a filla ou fillo na descendencia da persoa solicitante.
- c) Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, de ser o caso.
- d) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador, de ser o caso.
- e) Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- f) Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do menor solicitante da axuda.
- g) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para ser beneficiarios da mesma (Anexo II).



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- h) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda (Anexo III).
- i) Certificado de non ter débedas coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social, salvo que o solicitante autorice ó concello de Boqueixón a súa consulta (Anexo III).
- j) Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.
- k) O concello de Boqueixón comprobará de oficio, previa autorización do titular, que o solicitante se atopa ó corrente coa facenda local, emitíndose a tales efectos o correspondente informe por parte da tesourería municipal (Anexo III).
- l) Certificado de discapacidade dun 33% ou superior do neno/a (de ser o caso).
- m) Aceptación das bases reguladoras e a veracidade dos documentos presentados (Anexo III).

2 A documentación complementaria achegarase preferentemente por vía electrónica, sendo válida a presentación de xeito presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3 Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

4 A presentación da solicitude comportará a autorización ó órgano xestor para a comprobación automática dos datos que constan nela ante os organismos ou entidades correspondentes.

No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Establécense 2 prazos de solicitude da axuda:

- a) Para os/as nados/as, adoptados/as e acollidos/as entre o 01/01/2026 e a data de publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, de 15 días naturais contados dende o día seguinte da publicación do citado extracto.
- b) Para os/as nados/as, adoptados/as e acollidos/as entre o día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no BOP da Coruña e o 31 de decembro de 2026, de 15 días naturais, contados dende o día seguinte do nacemento, adopción ou acollemento.

As solicitudes deberán presentarse preferentemente por vía electrónica nos modelos normalizados ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, ou calquera dos outros medios aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 8. Publicidade

A relación das subvencións concedidas publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións así como no Portal de Transparencia do Concello de Boqueixón, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas.

Artigo 9. Procedemento de concesión e órganos competentes

O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As axudas tramítanse por un procedemento abreviado no que o órgano instructor (departamento



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

de Emprego e Formación) lle formulará ao órgano concedente a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos esixidos.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación recollida no artigo 6, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A resolución e notificación destas axudas correspóndelle á Xunta de Goberno Local no prazo de seis meses computados dende o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución se o acto fose expreso, e se non o fose, o prazo será de seis meses desde o día seguinte a aquel en que a solicitude se entenda desestimada de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa. Se a resolución é presunta, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para concesión das mesmas, deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Artigo 10. Notificación

As notificacións da resolución dos expedientes e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Xustificación da subvención e pagamento.

1. Documentación xustificativa a presentar polo/a beneficiario/a:

- **Anexo IV** de xustificación.
- Presentar **facturas** orixinais ou fotocopias compulsadas:



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A) Cando o pago se realiza por transferencia bancaria ou tarxeta presentaranse os **xustificantes de pago bancario**.

B) Cando o pago se realiza **en efectivo**, a factura terá que estar selada e asinada pola empresa emisora, facendo constar como “pagado” na factura. Non se admitirán na xustificación pagos realizados en efectivo superiores ós 100 € (IVE incluído).

O gasto xustificado terá que estar efectuado exclusivamente no comercio local do municipio de Boqueixón.

- Unha declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda (Anexo IV).
- Unha declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social. No caso en que o beneficiario teña autorizado a consulta no momento de ter presentado a solicitude de axuda non será necesario presentar esta declaración (Anexo IV).
- Declaración responsable sobre a percepción ou non doutras axudas coa mesma finalidade (Anexo IV).
- Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación da documentación detallada no puntos anteriores.

No caso de que o beneficiario non cumpra no momento da xustificación cas obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social e de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda, advertirase ó beneficiario/a de que non se procederá ó pagamento se no prazo no que se lle requira non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social e prohibición para ser beneficiaria de axuda, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

En casos especiais, os cales serán que ser valorados polas profesionais da Área de Benestar



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Social, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase ao beneficiario de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

Artigo 12. Incumprimentos das obrigas por parte das persoas beneficiarias das axudas.

Se as persoas beneficiarias das axudas non cumpren coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ó igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarias de subvencións.

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado e subvencionable.

O prazo para presentar a xustificación da realización do gasto será o contemplado no artigo 5 das bases reguladoras.

Artigo 13. Normativa supletoria

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Boqueixón (BOP n.º 103 do 29 de maio de 2024), as Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boqueixón para o exercicio 2025, e as demais normas legais e regulamentarias aplicables



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ANEXOS

PROCEDEMENTO AXUDAS POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO 2026				ANEXO I SOLICITUDE
DATOS DO FILLOS PARA O CAL SE SOLICITA A AXUDA				DISCAPACIDADE ≥ 33% (cubrir cunha X se procede)
1º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO ADOPCIÓN/ACOLLEMENTO	
2º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO ADOPCIÓN/ACOLLEMENTO	
3º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO ADOPCIÓN/ACOLLEMENTO	

DATOS FAMILIARES

DE MÁIS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DISTINTO DAQUEL PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA				
PARENTESCO	DNI /NIE	APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO
Solicitante: Pai/Nai/titor				
Conxúxe/análogo				
Fillo/a				
Fillo/a				
Fillo/a				

DOMICILIO FAMILIAR E DATOS DE CONTACTO

ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
Marque cun X o tipo de notificación preferente: <input type="checkbox"/> POSTAL <input type="checkbox"/> ELECTRÓNICA	
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal , ó que se poderá acceder co certificado electrónico asociado electrónico asociado ó DNI da persoa solicitante.	



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN
NO CORREO ELECTRÓNICO: _____**

DOCUMENTACIÓN:

- DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- Certificado literal de inscrición de nacemento e/ou libro de familia e/ou documentación substitutiva (artigo 6º.b)
- Copia do auto xudicial de adopción, de ser o caso.
- Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do menor para o que se solicita a axuda.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda.
- Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente
- Compromiso de seguir empadroad/a no Concello de Boqueixón
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiarios da mesma ou ben sexa probado por parte do concello que non se cumpre algúns dos mencionados requisitos.

Boqueixón, _____ de _____ de 2026

Sinatura do/a solicitante: _____



Forte s/n
 15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
 Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
 Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

PROCEDEMENTO AXUDAS POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO 2026	ANEXO II
---	-----------------

COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO

DON/A....., con DNI nº....., e domicilio en

COMPROMÉTOME:

- A seguir empadroad/a e con residencia efectiva, tanto eu como o/a meu/miña fillo/a, e a unidade familiar no concello de Boqueixón por un período mínimo de tres anos dende a data de presentación de solicitude desta axuda.

- Á devolución desta axuda no caso de incumplir algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boqueixón,.....dede 2026

Asdo:

PROCEDEMENTO AXUDAS POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO 2026	ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE
---	--

DON/A....., con DNI nº....., e domicilio en

DECLARA:

1 Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non ten nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución, ningunha outra axuda pola mesma



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

Si ten solicitada, e/ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coa seguinte identificación:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Que de ter solicitada e/ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade, en ningún caso, poderá de ser tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas destas administracións, supere o custo dos gastos xustificadas.

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración

2 Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece e acepta as estipulacións da presente orde, que cumpre os requisitos sinalados na orde que regula estas axudas, que se compromete a destinar o importe da axuda ó obxecto do proxecto indicado e que consente a cesión de datos para os efectos previstos nestas convocatoria.

3 Non estar incurso nos supostos de prohibición para ser beneficiario/a da axuda.

4 Que a documentación achegada coincide coa orixinal e que se poñen a disposición da Administración actuante para achegar este cando se lle requiran.

5 Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boqueixón.

6 Aceptar as condicións e demais requisitos das bases reguladoras das axudas a prol da natalidade.

7 Non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestades tributarias e coa Seguridade Social. De non autorizar a consulta, deberá achegar os documentos correspondentes:

COMPROBACIÓN DE DATOS ENTRE ADMINISTRACIÓNS:		
De acordo coa Lei 39/2012, consultarase os datos necesarios para o tratamento desta solicitude. En concreto, para esta solicitude confirme se autoriza ou non a consulta marcando cunha X na casilla correspondente:		
AUTORIZO	NON AUTORIZO	ADMINISTRACIÓNS
		Información de estar ó corrente de pago coa seguridade social.
		Información de estar o corrente de pago coa axencia tributaria (AEAT e



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

		ATRIGA).
		Información de estar ó corrente de pago co Concello de Boqueixón.

8 Datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter persoal.

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DA AXUDA POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- Tratamento

Subvencións para a promoción da natalidade, adopción ou acollemento e fomento do comercio local (anualidade 2026)

2.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE 18, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

3.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

4.- FINALIDADE

Comprobación do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiaria da subvención, tramitando os expedientes para o efecto da súa resolución e, no seu caso, recoñecemento do dereito á subvención. Os datos persoais poderán conservarse durante o tempo en que poida esixirse algún tipo de responsabilidade derivada dunha obrigação xurídica.

5.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

6.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

Destinatarios:

Non está prevista a comunicación dos datos do ficheiro, salvo cando resultase imprescindible exclusivamente a efectos do mantemento da aplicación informática e a operativa dos servizos



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

tecnolóxicos, sen prexuízo do intercambio de datos derivados dos procesos de consulta para a tramitación da subvención aos órganos indicados no apartado de Procedencia.

7.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE 18, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

Para que podamos gardar o seu datos e tratalos para esta AXUDA POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso deberá e asinar este documento.

Boqueixón,.....de.....de 2026

Asdo:



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**PROCEDEMENTO
AXUDAS POR NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO 2026**

**ANEXO IV
XUSTIFICACIÓN**

DATOS DO FILLOS PARA O CAL SE XUSTIFICA A AXUDA				DISCAPACIDADE ≥ 33% (cubrir cunha X se procede)
1º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO/ ADOPCIÓN/ ACOLLEMENTO	
2º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO ADOPCIÓN/ ACOLLEMENTO	
3º FILLO/A				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO ADOPCIÓN/ ACOLLEMENTO	

DATOS DO PAI/NAI/TITOR QUE XESTIONA A XUSTIFICACIÓN:			
PARENTESCO	DNI /NIE	APELIDOS	NOME
Pai/Nai/Titor			

DOMICILIO FAMILIAR E DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
Marque cun X o tipo de notificación preferente:	
POSTAL <input type="checkbox"/>	
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA <input type="checkbox"/>	
Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal , ó que se poderá acceder co certificado electrónico asociado electrónico asociado ó DNI da persoa solicitante	
ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN	
NO CORREO ELECTRÓNICO: _____	



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECLARO:

- Non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda.
- Non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social.
- Non percibo outra axuda para o mesmo fin doutras administracións.
- Si percibo outra ou outras axuda/s doutras administracións para o mesmo fin, pero o importe das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, nesta concorrência supere o custo dos gastos xustificadas.

COMPROBACIÓN DE DATOS ENTRE ADMINISTRACIÓNES:

De acordo coa Lei 39/2012, consultarase os datos necesarios para o tratamento desta solicitude. En concreto, para esta solicitude confirme ou non o seu consentimento á consulta marcando cunha X na casilla correspondente:

AUTORIZO	NON AUTORIZO	ADMINISTRACIÓNES
		Información de estar ó corrente de pago coa seguridade social.
		Información de estar o corrente de pago coa axencia tributaria (AEAT e ATRIGA).
		Información de estar ó corrente de pago co Concello de Boqueixón.

Boqueixón, _____ do _____ do 2026

Sinatura do/a pai/nai/titor: _____